

Pereiro último

Carmen Blanco

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

BLANCO, CARMEN (2011 [1997]). “Pereiro último”. *Dorna*: 23, 117-118.
Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/442>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

BLANCO, CARMEN (1997). “Pereiro último”. *Dorna*: 23, 117-118.

* Edición dispoñíbel desde o 2 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

PEREIRO ÚLTIMO

Carmen Blanco

O pasado apodrece baixo terra
e o presente non flúe,
é un río morto.

Así dicía Lois Pereiro, instalado xa na morte, nun dos momentos máis negros dos seus poemas póstumos de *Poesía última de amor e enfermidade* editada a finais de 1995.

Pero nese libro definitivamente último deixounos tamén constancia emotiva da súa experiencia de supervivente da morte, por ter chegado a saber o que era de verdade a vida: "amar e ser amado".

Agora está xa baixo berra, envolto na mornura húmida do Inicio, comungando cos corpos que séculos tras séculos foron habitando ese solo sobre o que viviran. E aí dorme, como fixo o mamut paleolítico de Buxán. Alleo xa ao discorrer das luces e as sombras sobre as serras e aos desexos dos animais que camiñan sobre as herbas. El, que fora noutros tempos "poeta urbano".

E namentres, nós aquí estamos.
E non podemos facer outra cousa

que lelo e recordalo. Unha lectura e un recordo que nos leva necesariamente a Edicións Positivas e a Paco Macías, o editor que definitivamente creu nel e o animou envolvéndoo nos seus arriscados, rupturistas e *positivos* proxectos, que incluíron en dous volumes toda a poesía de Pereiro desde o ano 1981. E, así, en positivo, temos que afrontar a súa marcha, como di Claudio Rodríguez Fer no seu "Manifesto vital" de 1990 logo recollido en *Extrema Europa*:

Na absoluta catástrofe son da estirpe de Zorba.

Na hora do máis esplendoroso desastre
cuspírei meu sirtaki contra toda angustia.

Todo vai ben. Imos vivir mil anos sen volta
e ordeñarás os teus ubres sobre a miña tumba.

Os dous poetas, compañeiros na colección "Di-versos", incítannos á vida. Pois que é senón este epitafio de Lois, poema último da súa poesía última, asentado xa no seu cadáver:

Cuspícame enriba cando pasedes
por diante do lugar no que eu repose

enviándome unha húmida mensaxe de vida e de furia necesaria.

Por isto a min agora, no día mesmo da noticia da morte, non se me ocorre máis que lembrar esa derradeira brincadeira que compartimos en Positivas, con Paloma, Paco Macías e o fotógrafo Rocaforte, para conformar a ir-

mandade galego-portuguesa, enfrontada, vista e non vista, entre o ocultamento e o disfrace, coa que resucitou a revista *Anima+L* no seu número 4. No deseño, ti, Lois, desapareces tras das roupas na escuridade do serán, xogando, aínda "feliz de seguir vivo". Eu maldigo a miseria e a usura que te levou á tumba.